

# Polideportivo



## NATACIÓN

### Toma de tempos en Cervo

300 nadadores e nadadoras das categorías alevín, infantil, júnior e absoluta participarán co obxectivo de lograr as marcas mínimas para participar tanto nos campionatos galegos como españois das súas categorías

## ATLETISMO

### Campionato Provincial de Atletismo

Mañá disputarase o Campionato Provincial de Atletismo nas pistas do Gregorio Pérez Rivera. Atletas das categorías benxamín, alevín, infantil e cadete reúne aos deportistas con mellores marcas

## Partidos destacados

**HOXE** 11:00h. **BALONCESTO BASE**  
LIGA GALEGA INFANTIL, Burela - Ourense

**MAÑÁ** 18:30h. **FÚTBOL SALA**  
1ª DIVISIÓN FEMININA, Burela - Alicante

**MAÑÁ** 12:00h. **FÚTBOL BASE**  
FASE ASCENSO XUVENIL, Villalbés B - Calasanz B

**MAÑÁ** 12:30h. **BALONCESTO**  
LIGA ACB, Breogán - Burgos

## NATACIÓN

### Campionato Galego Foso Olímpico

Mañá, o campo de tiro do club San Roque de Viveiro acollera a disputa da primeira fase do Campionato Galego de Foso Olímpico na que participarán tiradores de toda Galicia (125 pratos)

# M. LOSADA

M U L T I M A R C A

## Guitiriz

[www.automovilesmlosada.com](http://www.automovilesmlosada.com)

# Ford



Jeep®





# A espectacularidade das probas híxicas de enganche pechará Equigal

O mundo da hípica ten nestes días a vista posta en Lugo. A celebración de Equigal e do Salón do Cabalo de Galicia cita no Pazo de Feiras e Exposicións aos mellores exemplares en concursos morfolóxicos e probas deportivas.

Este domingo celebrarase unha proba do Campionato Galego de enganche que reunirá preto de trinta participantes. Trátase dunha modalidade na que os cabalos, dirixidos por cocheiros, levan unha carruaxe. En función das características do enganche, establécense diferentes categorías, polo que se poderán ver desde pequenas carruaxes deportivas tiradas por un cabalo e guiadas por un cocheiro (sulkis) ata enganches tirados por dous animais e dirixidos por un cocheiro e un groom (troncos).

A competición consiste en realizar un percorrido sinuoso pasando por "portas" compostas por conos de plástico, estreitas e con pouco marxe para o erro. Son probas de velocidade e de habilidade nas que os derribos dunha porta penalizan sobre o tempo invertido.

"É un modalidade moi espectacular e moi vibrante, sobre todo en circuitos como o que se habilitará no Pazo, co espazo máis limitado que os das pistas exteriores nos que se adoitan celebrar estas carreiras", explica Federico Pérez, presidente da Federación Galega de Hípica.

"O enganche sempre tivo afección en Galicia pero ata agora estaban un pouco dispersos. Nos últimos meses, déuselle un impulso moi notable a esta modalidade. Pasamos de oito participantes a case trinta en apenas meses", comenta.

A proba deste domingo forma parte do circuito galego da especialidade, que engloba máis dunha decena de

citas ao longo da temporada.

Desde a apertura, o pasado 17 de maio, Equigal e o Salón do Cabalo de Galicia acolleron diferentes probas deportivas como a Exhibición de Salto de Obstáculos Cidade de Lugo e o Concurso de Andadura Galego, ademais de concursos morfolóxicos.

Hoxe, a partir das 16.00 horas, celebrarase unha exhibición infantil na que unha vintena de rapaces e rapazas montados nos seus cabalos realizarán exercicios de doma e sincronización nun espectáculo musical que fará as delicias de todos os visitantes.

## Iniciación á hípica


Ao longo da semana, o Salón do Cabalo de Galicia acolleu actividades para iniciar aos máis pequenos ao mundo ecuestre nas que participou o alumnado dos centros educativos lucenses Galén e As Gándaras.

Os nenos e nenas asistiron a sesións teóricas con noções sobre a historia do mundo do cabalo e sobre as razas e anatomía dos animais, e tamén participaron en bautismos ecuestres nos que aprenderon a montar a cabalo. Da man do experto xinete Cornelio Carbajal, os nenos e nenas tiveron a súa primeira toma de contacto cos animais e aprenderon as instrucións básicas para manexalos. Ademais, a veterinaria Blanca Villanueva, do Hospital Rof Codina, explicoulles cales son os cuidados básicos que precisan os animais e os diferentes deportes que se poden practicar neles.

## Horseball

Equigal ofreceu ao longo destes días mostras da variedade de modalidades de competición e disciplinas que engloba o mundo da hípica. Unhas das máis novidosas é o horseball, que combina equitación e balon-

cesto. Este deporte, do que puido verse unha mostra o pasado domingo, xógase por equipos e require una gran habilidade por parte dos xinetes e amazonas, ademais dunha alta manexabilidade, velocidade e resistencia dos cabalos. A diferenza do baloncesto, as canastras teñen o aro vertical e o balón con asas de coiro para poder agarralo, loitar por el e recollelo do chan. Un dos xestos máis espectaculares é a recollida da pelota do chan sen desmontar do cabalo.





## FÚTBOL SALA



### Hoxe. Lugo RIBEIRA-A ESTRADA

O Ribeira FS disputa esta tarde un encontro crucial de cara ao obxectivo de ascender a Segunda División. Os de Arcadio Vega non poden fallar ante o Estrada para chegar con vantaxe ao duelo directo da última xornada co Pazos de Borbén, segundo clasificado a só un punto dos lucenses.

Ademais, esta fin de semana xógase a última xornada na liga Preferente Masculina coa sorte dos equipos lucenses xa botada. O Lugo Sala clasificarase para o Ascenso como mellor terceiro, mentres Castroverde e Lugo FS consumarán o seu descenso de categoría.

### COMPETICIÓNS

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
1ª Div. F	Burela	Alicante	Vista Alegre	Hoxe, 18:30h
DH Xuv.	Alto do Vento	Burela FS	Santa Isabel	Hoxe, 11:00h
DH Xuv.	Lugo Sala	Begonte	PM Lugo	Hoxe, 12:30h
DH Xuv.	Ancoradouro	Prone Lugo	Azcanota	Mañá, 12:00h
3ª Div.	Casás	Carballiño	PM Lugo	Hoxe, 18:00h
3ª Div.	Ribeira FS	A Estrada	PM Lugo	Hoxe, 20:00h
3ª Div	Red Blue Vigo	P. Barreiros	As Travesas	Hoxe, 18:00h
3ª Div.	Vilalba FS	Begonte	PM Vilalba	Mañá, 11:00h
Pref. M	Lugo Sala	A Golada	PM Lugo	Hoxe, 16:00h
Pref. M	Guitiriz	San Amaro	PM Guitiriz	Hoxe, 18:00h
Pref. M	Castroverde	Ordos FS	PM A Ferrería	Hoxe, 18:00h
Pref. M	Stellae	Lugo FS	Grupo Escolar	Hoxe, 19:30h
Xuv. M	Ribeira	Os Meigallos	O Palomar	Hoxe, 16:30h



## VOLEIBOL



### Hoxe. A Coruña CAMPIONATO GALEGO ALEVÍN

Equipos de Emevé, Korbis e Ribeira Sacra compiten hoxe na Coruña polo Campionato Galego alevín nas categorías masculinas e feminina. Tras a celebración dos catro torneos previos en Ourense, Monforte, Pontevedra e Boiro, o Colexio Calasancias da Coruña acolle hoxe a gran final.

Ao galego alevín acoden os dezaseis mellores clubs da competición, oito por categoría, que durante toda a xornada disputarán a final en formato concentración.

No torneo feminino competirán equipos dos clubs Emevé, Calasancias Coruña, AD Liceo, Escolapios, Ribeira Sacra, CV San Martiño, CV Pontevedra e CV Ourense.

No masculino estarán representados os clubs Voleibol Dumbria, CV Cabo de Cruz, AD Aldebarán, Emevé, Club Korbis, Sta María del Mar, Calasancias Coruña e CV Maniotas.

Ademais da diversión propia dunha completa xornada de voleibol, o torneo ten un aliciente engadido, xa que os dous clubs mellor clasificados acadarán praza para disputar o Campionato de España Alevín, que este ano será en Valladolid do 21 ao 23 de xuño.



## GOLF

### Hoxe. Lugo OPEN GOLF MURALLA DE LUGO

O Club de Golf Lugo acolle hoxe a primeira proba do V Open de Golf Muralla de Lugo, un campionato que consta de cinco probas repartidas a razón dunha por mes. Xogarase baixo a modalidade stableford individual nun percorrido de 18 foxos.

### Luns. Lugo CIRCUITO GALEGO DE PROFESIONAIS

Ademais, as instalacións lucenses acollen o luns a quinta proba do Circuito Galego de Profesionais, no que participarán máis de 20 golfistas das categorías sénior, profesional, maior e juvenil. A proba consistirá nunha volta de 18 foxos Stroke-Play. Trátase da penúltima cita da competición que terá como colofón a final prevista para o 24 d 25 de xuño en Meis.

O gañador será o que maior número de birdies acadade nos 18 foxos. Ademais da puntuación a sumar na Orde de Mérito, que determinará o gañador absoluto do campionato, repartiranse premios por valor de 1.225 euros entre os seis primeiros clasificados.



## BALONMÁN



### Hoxe e mañá. Lalín FASE FINAL INFANTIL MASCULINA

O BM Lucus disputa esta fin de semana a fase final infantil da Segunda División masculina, que se celebra no Lalín Arena. Tras medirse onte ao anfitrión, o equipo lucense ten esta tarde unha cita co EM Abegondo a partir das 17:00 horas. Mañá enfrontarase ao outro finalista, o SAR, a partir das 10:30 horas. Pola tarde disputaranse as eliminatorias e a final.

### Hoxe. Lalín CAMPIONATO GALEGO DE VETERANOS

Por outra banda, o Lalín Arena tamén será escenario hoxe do Campionato Galego de Veteranos, que se disputará nunha única xornada, e no que participa o ADC Lugo.



## XIMNASIA



### Hoxe. Outeiro de Rei TORNEO DE XIMNASIA RÍTMICA ESCOLAS MUNICIPAIS

O Concello de Outeiro de Rei organiza hoxe o Torneo de Ximnasia Rítmica Escolas Municipais, que reunirá un total 190 rapazas de seis escolas municipais da provincia de Lugo. Ademais das anfitriñas, sumaranse ao torneo as ximnastas das escolas de Guitiriz, Vilalba, Begonte, Rábade e Cospoito).

As participantes competirán en sete categorías diferentes e amosarán o alto nivel da provincia en ximnasia rítmica. O torneo dará comezo ás 17:30 h no Pavillón Municipal de Deportes e a entrada é de balde e aberta ao público en xeral.



## ATLETISMO



### Hoxe. Ferreira de Pantón ROTA DO ROMÁNICO

Preto de 200 corredores e corredoras participarán esta tarde na Carreira Popular Rota do Románico de Ferreira de Pantón, unha cita que chega Á décimo novena edición consolidándose no panorama atlético e deportivo co paso das súas diferentes edicións.

As carreiras das categorías de menores arrancarán ás 18:00 horas e a competición absoluta dará comezo ás 19:00 horas. Os percorridos e as distancias varían en función das idades.

Categoría mini, 50 metros, non competitiva  
Categoría A (entre 2012 e 2014), 400 metros.  
Categoría B (entre 2010 e 2011) e C (entre 2007 e 2009), 800 metros  
Categoría D (entre 2004 e 2006), 1100 metros  
Absoluta (2003 e anteriores), 6270 metros

Os dorsais e os chips de cronometraxe entregaranse na carpa da organización, diante do edificio sociocultural, de 16:30 a 18:30 horas. Unha vez rematada a proba estarán a disposición dos atletas as duchas no complexo deportivo Montebaliño situado a un quilómetro da meta.

Haberá trofeos para os tres primeiros de cada categoría, salvo no caso da carreira mini na que non haberá clasificacións. Entregarase unha medalla conmemorativa a cada participante.

O nome da carreira, que se disputa no entorno do Castro de Ferreira, subliña a riqueza patrimonial deste concello da Ribeira Sacra, salpicado de igrexas románicas, parte dos mosteiros que diferentes comunidades relixiosas levantaron na Idade Media.

### Mañá. Lugo CAMPIONATO PROVINCIAL ATLETISMO

Mañá disputaranse o Campionato Provincial de Atletismo nas pistas do Gregorio Pérez Rivera. Atletas das categorías benxamín, alevín, infantil e cadete participarán na cita que reúne aos deportistas que lograron mellores marcas nas xornadas clasificatorias que se celebraron durante a temporada.

En benxamín, alevín e infantil clasificáronse as dezaseis mellores marcas, mentres que en cadete obtiveron o pase todos os que lograron o rexistros mínimos establecidos pola Federación Galega de Atletismo.

As probas, de velocidade, salto e lanzamento de peso arrancarán ás 10:00 horas e prolongaranse ata as 14:00 horas. En benxamín e alevín, cada atleta poderá participar nun máximo de dúas probas. Nas categorías infantil e cadete cada atleta poderá participar como máximo en tres probas das que compoñen o programa.

### Hoxe. Ortigueira 21 KM ORTEGAL

Ademais da proba popular, neste circuito de 21 quilómetros disputaranse o Campionato de España de Media Maratón Master e máis o Campionato Galego de Media Maratón das categorías sub20, sub23 e Máster, nos que participan atletas de clubs lucenses como Egovarros Viveiro, Atletismo Ribadeo, Verxel Nutrición Deportiva e Lucus Caixa Rural. A carreira terá a saída na Alameda, en Ortigueira, a meta na Praza Roxa de Cariño, e dará comezo ás 17:00 horas.

# TENIS

**Hoxe e mañá**  
**FASES ASCENSO E DESCENSO**

Ao longo da fin de semana disputáanse encontros das fases de Ascenso e Descenso en Primeira, Segunda e Terceira División, con varios equipos lucenses involucrados.

## COMPETICIÓN

CAT.	LOCAL	VISITANTE	DATA
1ª Asc	Club USC	Fluvial de Lugo	Mañá,10:00h
1ª Desc	Club Tenis Muimenta	Club Tenis Coruña	Mañá,10:00h
2ª Asc.	Casino Coruña	Centro Deportivo D10	Hoxe,16:00h
2ª Asc.	Cidade de Lugo	Club Tenis As Termas	Hoxe,16:00h
3ª Asc.	Tenis Canabal	Club Tenis As Termas B	Mañá,10:00h
3ª Asc	A Marosa	Tenis Coruña D	Hoxe, 16:00h
3ª Asc	Fluvial Lugo B	Redes C	Mañá,10:00h

# TAEKWONDO



**Hoxe. Betanzos**  
**CAMPIONATO ESCOLAR TAEKWONDO**

Deportistas de Neka, Moo Duk wan e Escola Lucense de Taekwondo participan hoxe no Campionato Escolar de Combate e Exhibición, que se celebra en Betanzos. O torneo mide aos deportistas clasificados nas fase provinciais, nas categorías alevín, infantil e cadete. A competición comeza ás 10:00 horas na modalidade de exhibición e ás 11:30 na modalidade de combate. Os enfrontamentos continuarán ao longo de toda a xornada. Prevese que rematen ás 19:00 horas.

# NATAción



**Hoxe. Cervo**  
**TOMA DE TEMPOS**

Uns trescentos nadadores e nadadoras das categorías alevín, infantil, júnior e absoluta participarán hoxe na toma de tempos organizada na piscina municipal de Cervo polo CN Xove na que o obxectivo dos deportistas será lograr as marcas mínimas para participar tanto nos campionatos galegos como españois das súas categorías.

Durante a mañá, a partir das 10:30 horas, realizaranse probas de 400 libres, 200 mariposa, 100 espalda, 50 libres, 200 estilos, 50 mariposa, 200 espalda e 100 braza. A sesión retomarase ás 17:00 horas con probas de 400 estilos, 50 braza, 200 libres, 100 mariposa, 50 espalda, 200 braza, 100 libres, 800 libres e 1.500 metros. Cada nadador ou nadadora pode participar nun máximo de tres probas individuais.

# BALONCESTO



## COMPETICIÓN

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
Liga ACB	CB Breogán	Burgos	Pazo dos Deportes	Mañá 12:30h
1ª Inf. M.	KFC Culle	Estudiantes	Ourense	Hoxe 16:00h
1ª Inf. M.	CB Burela	Río Ourense	Vista Alegre	Hoxe 11:00h
1ª Inf. F.	Peteleiro	Estudiantes	Santiago	Hoxe 18:00h
1ª Mini M.	B. Coruña	CB Sarria	A Coruña	Hoxe 12:00h
1ª Mini M.	Obradoiro	Estudiantes	Santiago	Mañá 10:00h
1ª Mini M.	KFC Culle	Maristas	Culleredo	Hoxe 19:00h
1ª Mini M.	Jesuitinas	CB Ribadeo	A Coruña	Mañá 12:00h
2ª Cad. Masc	San Pelayo	San Ciprián	Santiago	Mañá 17:00h
2ª Cad. Fem	Maristas	CB Ribadeo	A Coruña	Hoxe 18:00h
2ª Inf. Masc	Sagrado C.	Montrove	Frigsa	Hoxe 12:00h
2ª Inf. Fem	CB Liceo	CB Burela	Noia	Mañá 17:00h

# FÚTBOL

## COMPETICIÓN FÚTBOL NACIONAL

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
Liga 1-2-3	Extremadura	CD Lugo	Fco. de la Hera	Mañá 20:00h
Copa Pref/1ª	San Ciprián	Club Lemos	A Veiga	Mañá 18:00h
Copa Pref/1ª	Pol	Residencia	M. Luna	Mañá 18:00h
Copa Pref/1ª	Pontenova	Riotorto	A Mina	Mañá 18:00h
Copa Pref/1ª	Pastorcense	Friol CF A	O Acebreiro	Mañá 18:00h
Copa Pref/1ª	Santaballés	Outeiro	A Liga	Mañá 18:00h

## COMPETICIÓN FÚTBOL PROVINCIAL

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
Copa 2ª/3ª	Cazas	Comercial	4 Ventos	Mañá 18:00h
Copa 2ª/3ª	Cabreiros	Goiriz	Da Cea	Mañá 18:00h
Copa 2ª/3ª	Meira	Mondoñedo	A Lomba	Mañá 17:30h
Copa 2ª/3ª	Antas	Bóveda	C. Seoane	Mañá 18:00h
Copa 2ª/3ª	Lemos B	Dural	L. Bodegas	Hoxe 19:00h
Copa 2ª/3ª	Guntín	S. Lázaro	Ladairo	Mañá 17:00h
Copa 2ª/3ª	Brollón	Palas	Os Medos	Mañá 18:00h

# F. VETERANOS

## COMPETICIÓN FÚTBOL VETERÁNS

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
Copa Vet.	Albense	At. Illán	C. Lamas	Mañá 10:30h
Copa Vet.	Lambruxos	Sp. Pontenova	L. Pallín	Hoxe 19:00h
Copa Vet.	San Roque	Ferrovial	R. Lago	Mañá 10:00h
Copa Vet.	D Picato	Vet. Sarria	Ladairo	Hoxe 19:30h
Copa Vet.	Garabolos	Outeiro	R. Lago	Mañá 10:00h
Copa Vet.	Cospoito	Sarriana	A Fonte	Mañá 11:30h
Copa Vet.	Montouto	Momán	Magdalena	Mañá 11:30h
Copa Vet.	Palas	Abadinsense	Chacotes	Hoxe 18:30h
Copa Vet.	Sancobade	Corgo	Municipal	Hoxe 18:30h
Copa Vet.	Becerreá	Albeiros	Municipal	Hoxe 18:00h
Copa Vet.	CD Rábade	Pastorcense	A Fonte	Hoxe 19:00h
Copa Vet.	Monterroso	Friol	Cardeiriño	Mañá 11:00h
Copa Vet.	Begonte	Bretaña	C. Pacios	Hoxe 19:00h
Copa Vet.	Santaballés	Peñarol	A Liga	Hoxe 19:00h

# FÚTBOL BASE

## COMPETICIÓN FÚTBOL BASE SUPERIORES

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
Xuvenil N.	Arosa SC	CD Lugo B	Vilagarcía	Mañá 12:00h
Xuvenil N.	CD Lárez	RC Vitalbés	Pontevedra	Mañá 12:00h
Xuvenil Gal.	At. Montañeros	Residencia	A Coruña	Hoxe 18:00h
Xuvenil Gal.	Ourense CF	CP Calasancio	Ourense	Hoxe 16:00h
Cadete H.	At. Montañeros	CD Lugo	A Coruña	Hoxe 18:00h
Cadete Gal.	RC Vitalbés	CF Dumbria	Roca	Hoxe 11:30h
Cadete Gal.	Milagrosa	Estrada	L. Gorgoso	Hoxe 12:00h
Cadete Gal.	CD Lugo B	Bergantiños B	R. Lago	Mañá 12:00h
Infantil Gal.	Milagrosa	Conxo	L. Gorgoso	Hoxe 16:00h
Infantil Gal.	Bergantiños	Residencia	Carballo	Hoxe 16:30h
Infantil Gal.	Calasancio	Arousa	A. Blanco	Hoxe 12:00h

## COMPETICIÓN FÚTBOL BASE PROVINCIAL

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
Ascenso Xuv.	RC Vitalbés B	Calasanz	Roca	Mañá 12:00h
Ascenso Xuv.	Milagrosa	CD Narón A	L. Gorgoso	Hoxe 18:30h
Ascenso Xuv.	X. Aguino	CD Castro	Ribeira	Hoxe 17:00h
Ascenso Cad.	EF Polvorín	Compostela	Polvorín	Hoxe 18:00h
Ascenso Cad.	SD Ribadeo	EFM Boiro	Pepe Barrera	Hoxe 16:00h
Ascenso Cad.	Residencia	Bertamirán B	A Cheda	Hoxe 12:00h
Ascenso Cad.	C. Victoria	Calasancio	Vigo	Hoxe 18:30h
Ascenso Inf.	Narón D Freixo	SD Burela	Narón	Mañá 12:00h
Ascenso Inf.	SD Vilvestro	RC Vitalbés A	Grixoa	Hoxe 17:00h
Ascenso Inf.	SD Viveiro	Estrada	M. Gómez	Hoxe 11:30h
Copa Xuv.	Polvorín FC	Monterroso	Polvorín	Hoxe 16:00h
Copa Xuv.	Lourenzá	San Ciprián	Sta. Cruz	Hoxe 17:00h
Copa Xuv.	Residencia B	SD Burela	A Cheda	Hoxe 16:00h
Copa Cad.	Residencia B	Pontenova	A Cheda	Hoxe 18:45h
Copa Cad.	Sagrado C.	CD Foz	R. Lago	Hoxe 12:00h
Copa Cad.	Burela SD	Monterroso	A Marosa	Mañá 12:00h
Copa Inf.	Piringalla	Sagrado C.	R. Lago	Mañá 12:00h
Copa Inf.	CD Lugo B	CD Foz	R. Lago	Hoxe 12:00h
Copa Inf.	Becerreá	SD Ribadeo	Municipal	Hoxe 11:30h

# BILLARDA



**Mañá. Santiago de Compostela**  
**FINAIS LIGA NACIONAL DE BILLARDA**

Mañá disputáanse no campo de fútbol Manuel Paz do Castiñeiriño, en Santiago de Compostela, as finais da Liga Nacional de Billarda na que se miden os mellores equipos, xogadores e xogadoras da Conferencia Noroeste, Norleste e Rías Baixas.

Billardeiros Musicais de Ribadeo, Carabullo de Muimenta e Troitas Bravas da Pontenova foron finalmente os equipos da Conferencia Norleste clasificados para disputar a final por equipos. Tamén lograron a súa praza na cita os quinze primeiros da clasificación xeral, a campioa feminina, o campión infantil e mais o de varados.

# TIRO OLÍMPICO

**Mañá. Viveiro**  
**CAMPIONATO GALEGO FOSO OLÍMPICO**

Mañá, o campo de tiro do club San Roque de Viveiro acollera a disputa da primeira fase do Campionato Galego de Foso Olímpico na que participarán tiradores de toda Galicia (125 prazos).

Nas próximas semanas celebraranse outras dúas fases previas, que decidirán os clasificados para disputar o final prevista para o vindeiro 7 de xullo nas Pontes.

# A Liga Provincial de pádel arrinca con 131 deportistas

Dez equipos da Provincia de Lugo están inmersos esta fin de semana na loita por dar o salto de categoría e ampliar a armada lucense nas categorías superiores

Hai xa máis dunha década dende que o fenómeno do pádel se instalara de cheo en Lugo. Lonxe de ser unha moda pasaxeira, esta disciplina deportiva asentouse na sociedade e xa é un dos máis practicados entre persoas a partir dos 30 anos. Tanto é así, que agora mesmo na provincia de Lugo non hai un núcleo con máis de 10.000 habitantes que non teña instalacións para practicalo.

Por norma xeral, dentro dun club existen diferentes modalidades para disfrutar deste deporte: Os torneos -prácticas competitivas que a entidade fai nun momento determinado e que acostuman a durar entre unha e tres semanas-, as actividades de club, -que implican a xestión diaria das pistas para adestramentos e partidos amigables- e as Ligas Federadas, competicións que organizan as diferentes Federacións de Pádel entre os distintos clubs.

Para que unha entidade poida participar nas ligas organizadas pola Federación Galega deben cumprirse unha serie de requisitos. O primeiro e máis importante, que as súas instalacións dispoñan de, como mínimo, tres pistas. Isto non é problema nas cidades grandes, pero en lugares máis pequenos a práctica federada competitiva vese limitada ao no cumprirse estas condicións nas súas instalacións.

A cantidade de usuarios e a distancia tamén son un hándicap, xa que se precisa dun número mínimo de competidores para participar nos campionatos, e non todos eles están dispostos a desprazarse ao tratarse de ligas que abarcan a dúas provincias, xa que en Galicia están divididas en dous: Ourense-Pontevedra e Lugo-A Coruña.

Por estes motivos varios clubs da provincia de Lugo únense formando unha Liga Provincial de Pádel para dar unha saída competitiva, por un lado ás intalacións e por outro para poder competir sen os exisentes requisitos que hai que cumprir nas Ligas federadas na actualidade.

Un club de Monterroso, dous de Monforte e outro de Sarria crearon a Liga Provincial. Un campionato que deu comezo a pasada fin de semana e que se extenderá ata o mes de xullo, á espera de que outros clubs de Lugo e Villalba e incluso da Mariña se unan tamén a partir do mes de setembro.

Dividido en tres categorías: 1ª Masculina, 2ª Masculina e Feminina, o modelo de competición é diferente ao doutras Ligas da Federación Galega. Mentres que nestas xogan dous equipos ao mellor de cinco enfrontamentos,



a Liga provincial consta de tres partidos nunha competición a ida e volta, sendo o equipo gañador o que máis sets gañe na suma total dos tres encontros, independentemente de se gaña dous ou tres partidos.

A pasada fin de semana comezou a Liga na categoría 1ª

Masculina, con 52 competidores. A partir de hoxe entran a competir o resto das ligas. 41 participantes enfrontaranse en 2ª Masculina, mentres que a Feminina contará con 38 xogadoras. Un total de 131 deportistas nesta primeira Liga Provincial de Pádel.

## O Campionato Provincial escolar de Tenis de Mesa disputarase en Vilalba

Hoxe, no Pavillón Municipal, os mellores xogadores e xogadoras benxamín, alevín, infantil e cadete citanse no Provincial de tenes de Mesa. Unha cita que contará con un total de 156 xogadores e xogadoras.

O equipos que máis adestradores e xogadores aporta neste Provincial é Pilar, con 53, seguido polo Martínez Otero con 37, Dez Portas con 11, Vilalba con 10, Pasto-riza, Rábade e Milagrosa con 10 e Xove con 4.

A recepción das entidades e xogadores será ás 10:45 horas. A primeira quenda de xogo será as 11:00 horas.

Ao rematar todos os encontros dalgunha das mesas, disputaranse na mesma os de outras categorías. Esta orde de xogo poderase alterar cando algunha das mesas acumule moito retraso

Horario aproximado de finalización do evento non será en ningún caso antes das 19:00 horas.



# Fases de ascenso ás ligas Galegas de fútbol base

Dez equipos da Provincia de Lugo están inmersos esta fin de semana na loita por dar o salto de categoría e ampliar a armada lucense nas Ligas Galegas

Este fin de semana dispútanse os partidos de volta das fases de ascenso ás ligas galegas infantil, cadete e xuvenil, tanto no formato de campións Provinciais, que se xogan o salto de categoría nunha eliminatoria directa tendo o comodín da repesca, como os segundos e terceiros clasificados, que ademais de superar esta rolda teñen outras dúas por diante para asegurarse unha praza a próxima tempada en categoría superior. En total son dez equipos de fútbol base da provincia os que se gañaron o dereito a disputar as fases de ascenso.

## Xuvenil

Rácing Villalbés B, como campión Provincial, Milagrosa e Castro son os equipos que soñan con unirse a próxima tempada a Viveiro, Residencia e Calasancio, sempre que este último logre a permanencia na última xornada.

O Rácing Villalbés B perdeu por un gol a cero co Calasanz B no partido de ida disputado na Coruña polo que, co factor Roca a favor, os de Iván Lamas intentarán remontar a eliminatoria e dar o salto de categoría.

O Castro, que a pasado fin de semana disputou o seu primeiro encontro nunha fase de ascenso en calquera categoría de base, impúxose no encontro de ida por dous goles a un ao Xuventú Aguiño, resultado que defenderá no encontro de volta. Mentres que a Milagrosa terá que remontar en Friga tras perder na ida por tres goles a un co Deportivo Narón.

## Cadete

Catro equipos lucenses están na loita polo ascenso á Liga Galega cadete, tres no grupo Norte, Polvorín, Residencia e Ribadeo, mentres que o Calasancio o fará



dende o grupo Sur.

O Polvorín, como líder Provincial, está no cadro dos campións. Os de Montirón buscarán a remontada ante o Compostela tralo tres a cero do partido de ida en Santiago.

Residencia e Ribadeo tamén perderon na ida a domicilio, un a cero os da Cheda ante o Bertamiráns B e catro a cero o Ribadeo en Boiro.

O Calasancio debuta esta fin de semana na fase de ascenso á Liga Galega ante o Cristo Victoria en Vigo, tendo o encontro de volta no Álex Blanco de Monforte.

## Infantil

O Burela é o equipo lucense que máis preto está de certificar o ascenso. Os mariños gañaron no partido de ida ao Narón por un tres a dous que defenderán no partido de volta. Aos de Javi Ruíz válenlles dous dos tres posibles resultados para celebrar o salto de categoría.

O Viveiro ten pé e medio na segunda rolda tras impoñerse na Estrada por cero goles a tres no partido de ida, mentres que o Rácing Villalbés, que empatou a uns no Roca ante o Vilvestro no partido de ida, xogará o de volta na Barrosa coa premisa de gañar para poder estar na segunda eliminatoria.

# Máis de 200 rapaces e rapazas participarán no II Torneo Montes e Vales Orientais de baloncesto

O pasado xoves presentouse no Salón de Actos do Pazo de San Marcos a II Edición do Torneo Montes e Vales Orientais de baloncesto, que terá lugar os próximos 15 e 16 de xuño no Concello da Fonsagrada e no que participarán máis de 200 rapaces e rapazas de diferentes clubs de Galicia, Asturias e Castela e León. O torneo está organizado pola Agrupación Xuvenil Sagrado Corazón, coa colaboración do concello da montaña e da Deputación Provincial de Lugo.

O Alcalde da Fonsagrada e Vicepresidente da Deputación, Argelio Fernández Queipo explicou que "este torneo pretende reunir e crear lazos entre equipos de Galicia, Asturias e Castela, unha boa oportunidade para fomentar os valores asociados ao deporte entre os máis novos, como a solidariedade. Ademais de coñecer a comarca da montaña, as súas paisaxes, a súa gastronomía".

No Torneo, que continúa coas inscricións abertas, xa hai inscritos clubs de tres Provincias, Oviedo do Principado de Asturias, Lugo e Burela de Galicia, e Burgos de Castela e León. Participarán equipos nas categorías infantil e cadete tanto masculinos como femininos, un total de 24. Os clubs que desexen participar deberán poñerse en contacto coa Agrupación Sagrado Corazón mediante o correo electrónico [ajsc\\_lugo@hotmail.com](mailto:ajsc_lugo@hotmail.com). Os rapaces estarán instalados na Escola Fogar da Fonsagrada e xogarán no Polideportivo Municipal e no Pavillón do IES Fontem Albei da Fonsagrada.





A DEPUTACIÓN  
DE LUGO  
CO DEPORTE

# Fútbol Gaélico

**ESTA DISCIPLINA DEPORTIVA CHEGOU PARA QUEDARSE CO BRITONIA FC.** O equipo mariñado traballa na ampliación do plantel para debutar na Liga Galega a vindeira tempada



O fútbol gaélico fíxose un oco na Mariña. Desde que o pasado mes de outubro o xogador do Estrela Vermella de Santiago de Compostela, Roberto Casas, comezara a organizar na Marosa os primeiros adestramentos abertos para introducir na comarca un deporte en efervescencia no resto de Galicia, foi tomando forma un novo equipo, o Britonia F.G., chamado a debutar a vindeira tempada na Liga Galega de Fútbol Gaélico.

Nove xogadores forman o núcleo duro deste conxunto, que aspira a seguir medrando. Aínda que a maioría son xovenses, adestran semanalmente - xoves a partir das 20:00 horas- no campo de Cangas de Foz, baixo as directrices de Ricardo Garrido, xogador do Mecos do Grove. "Temos moita sorte porque desde que empezamos a adestrar semanalmente tivemos con nós xogadores experimentados. Nos primeiros meses comezamos con Juanlu López, do Cambados, que traballaba en Navia e viña ata aquí para axudarnos. Agora temos a Ricardo, que se despraza desde Vilalba", conta Humberto Cao, unha das cabezas visibles do novo equipo mariñado.

"Cando empezamos, practicamente todos descoñecemos o gaélico. Non tiñamos experiencia, nin sequera referencias, pero é un deporte que engloba moitas habilidades, parte delas son compartidas con outras modalidades, fútbol, baloncesto, voleibol, rugby... Veñas de onde veñas, esa experiencia pódete resultar produtiva. So tes que cambiar o chip. Os xestos técnicos e regras específicas que tes que assimilar acábanse collendo cos adestramentos", explica Cao.

Os outros engadidos do gaélico, deporte nacional en Irlanda onde enche estadios coma o Croke Park de Dublín con capacidade para 80.000 espectadores, son o "dinamismo" do xogo e o "bo ambiente" que se xenera nos adestramentos e nos partidos.



## Posta de longo en Xove

Os mariñaos xa puideron familiarizarse coa competición. O seu primeiro encontro foi nun torneo xogado en Pontevedra en decembro pero a posta de longo na casa foi o pasado venres. Día das Letras Galegas, coincidindo coa celebración en Xove da Copa Galicia de Fútbol Gaélico, da que foron anfitrións.

Durante o torneo, que reuniu na localidade mariñá aos oito mellores conxuntos masculinos e femininos de Galicia, disputaron un amistoso contra un combinado formado por xogadores do resto doutros equipos.

"De momento xogamos con roupa prestada, non temos indumentaria, pero estámola deseñando. Podemos avanzar que o color principal será o verde e os detalles en negro", comentan.

## Un proxecto en crecemento

De aquí a setembro, cando comezará a tempada, tamén deberán ampliar o plantel, "ata os catorce ou quince xogadores", un número necesario para afron-

tar con garantías e recambios a competición na que este ano participaron catorce equipos. Na liga feminina, compiten sete.

O nome elixido para a escadra sinala cal é o caladoiro no que tentarán seguir ampliando o persoal. A antiga diocese de Britonia ía desde Ortigueira ata Navia pola costa e adentrábase ata Bretoña, na Pastoriza, a súa capital. "Buscamos un nome que englobase todo ese territorio que queremos ter como referencia. A nosa intención é ir ampliando o proxecto con distintas fórmulas. Quizais nun futuro sexa posible que a disciplina se ofrezca nalgúns escolas municipais", explica Cao.

Polo de agora, as súas plataformas de promoción do gaélico son as redes sociais e a cartelería, cos horarios dos adestramentos. Nas últimas semanas tamén se achegaron a distintos centros educativos -Monte Castelo de Burela, Vilar Ponte de Viveiro e o Illa de Sarón de Xove, para dar a coñecer o deporte entre o alumnado.



A DEPUTACIÓN  
DE LUGO  
CO DEPORTE

